



## **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA O CONCELLO DE LEIRO PARA A REHABILITACIÓN DUNHA PASARELA COLGANTE SOBRE O RÍO AVIA**

#### **1.- Competencia**

Esta consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, creada polo Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, en virtude do establecido na súa Disposición transitoria primeira e no apartado m) do artigo 13.1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

#### **2.- Antecedentes**

A colaboración entre este departamento e o concello de Leiro, enmárcase na continuada colaboración entre a consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo. Para elo, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para o ano 2019 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación obxecto do acordo.

#### **3.-Finalidade**

No apartado m) do artigo 13.1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, atribúeselle á consellería a competencia para realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

En relación co anterior, unha das liñas de actuación da consellería consiste na colaboración cos concellos para a mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, para aumentar e elevar a variedade e os niveis de servizos destinados a proporcionar unha oferta de calidade axeitada ás necesidades da poboación, fomentando deste xeito o atractivo das vilas e dos núcleos rurais da nosa comunidade autónoma. Polo tanto, atendendo á finalidade da actuación, considerase que forma parte das liñas de acción da consellería definidas no citado artigo.

#### **4.- Obxecto**

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Leiro, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na rehabilitación dunha pasarela colgante sobre o río Avia.

#### **5.- Fundamentos do instrumento convencional**

O concello de Leiro trata de promover unha actuación consistente na rehabilitación dunha pasarela colgante sobre o río Avia.

A pasarela atópase ao leste da trama urbana do núcleo de Leiro, no paseo fluvial, entre a zona edificada e a destinada a espaxamento e lecer. Para proxectar as accións precisas para a rehabilitación da pasarela, tomouse como dato de partida o informe de inspección e avaliación elaborado por Applus Norcontrol, SLU.





Os traballos de rehabilitación consisten no seguinte:

- a) Actuacións sobre os tirantes
- b) Actuacións sobre o taboleiro e a estrutura que o sustenta
- c) Actuacións de limpeza e pintado

As actuacións sobre os tirantes e o taboleiro constitúen unha medida encamiñada a garantir a seguridade estrutural da pasarela a curto prazo.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito acordo fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura

María Encarnación Rivas Díaz, Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

